# Competencias e atención á diversidade.

## Un caso práctico.




A CORUÑA, 1 e 3 de MARZO de 2010

Javier Martín Betanzos

# Obxectivos.

- Determinar unha serie de conceptos previos.
- Reflexionar sobre se é posible o desenvolvemento de competencias e unha escola verdadeiramente inclusiva.
- Reflexionar se é posible “ser quen”, na medida das posibilidades de cada un, e conxugar intereses económicos, mercantilismo e atención á diversidade.
- Constatar se un modelo baseado en competencias dificulta a atención á diversidade.
- Sacar consecuencias sobre as dificultades que, na práctica, existen na escola inclusiva con casos reais.

Javier Martín Betanzos

# Obxectivos.

- Expoñer un caso práctico (parálise cerebral) e as decisións levadas a cabo.
- Profundizar nos puntos fortes e débiles que se poidan achar.
- Facer propostas de mellora e sacar conclusións para conseguir unha escola inclusiva de calidade.

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## TORBELIÑO DE NOMES

NN EE EE

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ESCOLA INCLUSIVA

ENTORNOS INCLUSIVOS

BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE

MODELO SOCIAL DA DISCAPACIDADE

DIVERSIDADE FUNCIONAL

Javier Martín Betanzos

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## A ESCOLA INCLUSIVA DE AINSCOW

XUNTAMOS NUN SACO ESCOLA INCLUSIVA E BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE

**Considerar as diferenzas como oportunidades de aprendizaxe.**

**Comenzar a partires das prácticas e coñecementos previos.**

**Evaluación das barreiras á participación.**

**O uso dos recursos disponibles en apoio da aprendizaxe.**

**Desenvolvemento dunha linguaxe de práctica.**

**Crear condicións que animen a correr riscos.**

O concepto de inclusión é amplo. Pretende diminuir todas as barreiras á aprendizaxe e á participación, independente de quen as experimenta e onde se atopen estas barreiras, nas culturas, políticas e práticas dunha escola. **POR SUPOSTO→NADA DISTO É FÁCIL e DARLLE RESPOSTA DEBE SUPOÑER ELEVAR OS *ESTÁNDARES* DA ESCOLA.**



Javier Martín Betanzos

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## A ESCOLA INCLUSIVA

AS CRÍTICAS

EQUIDADE
XUSTIZA

EXCELENCIA
CALIDADE

Fai falta un plan de REACTIVACIÓN da EDUCACIÓN INCLUSIVA?

Javier Martín Betanzos

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## A ESCOLA INCLUSIVA

INICIATIVAS EN SENTIDO CONTRARIO

Pacto Educativo de Estado: Esquecen a ESCOLA INCLUSIVA

Borrador DECRETO de ATENCIÓN á DIVERSIDADE

Recorte postos de traballo ESPECIALISTAS



Hai, ou non unha REACCIÓN cara á EDUCACIÓN INCLUSIVA?

Javier Martín Betanzos

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## PRINCIPIOS DA ESCOLA INCLUSIVA AINDA SEN INCICIAR OU CON MOITO CAMIÑO POR DIANTE

- A non discriminación,
- A accesibilidade,
- As adaptacións ás necesidades específicas a través de formulacións flexibles e alternativas para a aprendizaxe e o ensino,
- A igualdade de normas,
- A participación,
- Os apoios necesarios para satisfacer as necesidades relacionadas coa discapacidade, e
- A importancia da preparación para o mercado laboral.

# Perspectiva actual da atención á diversidade.

## ALGÚNS MOVEMENTOS EN SENTIDO CONTRARIO

- **Lexíslase restrictivamente** a nivel autonómico de forma que se coarta a inclusión,

  **Diminúen** os **profesores de apoio** nos centros,
- Non se aumenta ou **diminúe o investimento**,
- **Non se desenvolven** ou se fomentan **proxectos** tendentes a dar impulso á educación inclusiva,
- **Nos procesos de planificación** e de toma de decisións que concernen á educación inclusiva **non interveñen os profesionais** que a levan a cabo, provocando falta de implicación destes no seu desenvolvemento,
- **Non se forma e incentiva ao profesorado** en exercicio para retos para os que non se prepararon inicialmente respecto do seu desempeño profesional e o seu papel para conseguir unha verdadeira educación inclusiva.

Javier Martín Betanzos

# Competencias?

SER CAPAZ?

## QUE SON COMPETENCIAS?

Competencias? Que é ser competente?

A OCDE (a que “choca” que sexa unha organización económica a que defina estes conceptos), presenta o concepto de competencia e o define como “a capacidade de responder a demandas complexas e levar a cabo tarefas diversas de forma axeitada. Supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros componentes sociais e de comportamento que se movilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

“Capacidade para actuar eficazmente nun contexto”.

# Competencias?

POR QUE?

TODO VEN DE ....................... PISA

**Que é PISA e para que serve?**

(33 páx.)

| | |
|---|---|
| Capacidade: | 22 veces; |
| Competencia: | 60 veces; |
| Habilidades: | 15 veces; |
| Destreza: | 6 veces; |
| Éxito: | 2 veces. |

Moi ben

Atención á diversidade: 0 veces;

Educación inclusiva: 0 veces;

Necesidades educativas, 0 veces.

??????????????????????????????

Javier Martín Betanzos

POR QUE?

# Competencias?

TODO VEN DE ……………………. PISA

A definición e selección de competencias clave (DeSeCo): Resume executivo

(20 páx.)

| | |
|---|---|
| Capacidade: | 11 veces; |
| Competencia: | 159 veces; |
| Habilidades: | 5 veces; |
| Destreza: | 23 veces; |
| Éxito: | 5 veces. |

Moi ben

Atención á diversidade: 0 veces;

Educación inclusiva: 0 veces;

Necesidades educativas, 0 veces.

??????????????????????????????

Javier Martín Betanzos

# Competencias?

En case todas as definicións que fan os diferentes organismos, institucións e autores, recóllese a necesidade de *demostrar a competencia* en contacto con contextos e escenarios *reais e relevantes* e em referencia a unha área concreta.

É moi dificil definir a competencia en abstracto.

As competencias, pretendidamente, son paquetes *multifuncionais e trasferibles* que *integran* os coñecementos (conceptos, feitos e principios), procedimentos e actitudes necesarios para a vida actual e para o futuro académico e profesional. Son, tamén, *duradeiras, dinámicas* e propedéuticas serven para toda a vida e posibilitan e preparan para novas aprendizaxes.



Se fose certo!!!

# Competencias?

Fomentar a aprendizaxe ao longo de toda a vida implica, ante todo, proporcionarlle a mocidade unha educacion completa, que abarque os coñecementos e as competencias básicas que resultan necesarias na sociedade actual.

SÍ, PERO QUE PINTAN AS COMPETENCIAS NO CURRÍCULO

RESPOSTA: É un elemento integrador dos outros componentes

CHOMSKY

Os mestres han de rexeitar a tentación de converterse en “comisarios culturais”, e converterse en auténticos intelectuais, que “teñen a obrigación de investigar e difundir a verdade sobre os temas máis significativos, sobre os temas que importan”.

Noam Chomsky, (A Des-educación, 2000)



Javier Martín Betanzos

# Competencias?, adaptacións?

QUE DI A LOE?

Entendese por currículo o conxunto de obxectivos, competencias básicas contidos, métodos pedagóxicos e criterios de avaliación de cada unha das ensinanzas.

As adaptacións realizaranse buscando o máximo desenvolvemento posible das competencias básicas a avaliación e a promoción tomarán como referente os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas mesmas.

DOCUMENTO DO PORTAL DO M. de E.

As medidas de atención á diversidade estarán orientadas a responder as necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias básicas e os obxectivos da etapa e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lle impida alcanzar devanditos obxectivos e a titulación correspondente.

Javier Martín Betanzos

# Competencias?, adaptacións?

E A REGULACIÓN DAS COMPETENCIAS NA NORMATIVA SOBRE ADAPTACIÓNS?????

Que se saiba os decretos sobre as adaptacións non se modificaron aínda. No decreto vixente en Galicia sobre elas non se falaba de competencias.

Entón???????????

Terase en conta o principio de flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses e necesidades do alumnado en toda a etapa educativa. *Decreto 230*

Esquécense outra vez dos alumnos con necesidade de apoio educativo, regularase máis tarde ou isto non vai con estes alumnos???????????????

## O MUNDO DESDE OUTRA PERSPECTIVA

**O MUNDO ESTÁ DESEÑADO POR PERSOAS SEN DISCAPACIDADE PARA PERSOAS SEN DISCAPACIDADE**

Javier Martín Betanzos

## COMPETENCIAS BÁSICAS

- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA
- COMPETENCIA MATEMÁTICA
- COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E A INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO
- TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL
- COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ
- COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA
- COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER
- AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

# Competencias básicas e os saberes.

## COÑECEMENTO

SABER DECLARATIVO

SABEDORÍA

SABER PROCEDIMENTAL

SABER CONDICIONAL

INFORMACIÓN

Unha cousa é o coñecemento e outra a sabedoría. O primeiro é só información

Javier Martín Betanzos

# Saber?




Ocúpanos e preocúpanos todos por igual?

E no caso dos alumnos con algunha discapacidade ou con necesidades educativas especiais?



Javier Martín Betanzos

## SABERES (Competencias)

Explicáronmo e esquecino.
Vino e entendino.
Fíxeno e aprendino.

(Confucio)

Os alumnos con NNEEE ou con algunha discapacidade, tamén precisan facer; aínda que o deseño das tarefas sexa máis difícil.

# Vicios.

- Etiquetaxe→Creación de expectativas.
- Empobrecemento do currículo ou currículo paralelo
- Delegación de responsabilidades.
- Falta de dinámica na implementación de medidas ou algunhas estratexias (ex.: A.C.s).
- Balcanización.
- Falta de todo tipo de recursos.
- “Eu non estudiei para isto”.

# A realidade na aula.

- Tipos, técnicas e instrumentos de avaliación. Que pasa nos casos nos que as técnicas e instrumentos ao uso non valen? A avaliación por competencias: Os criterios de avaliación.
- Tipoloxía de alumnos con necesidades específicas de apoio educativo. Identificación das súas necesidades. Respostas educativas. Axudas técnicas.
- Metodoloxías didácticas para a atención á diversidade.
- Contextos de inclusión social. Barreiras. Limitacións. A discapacidade como desaxuste. Accesibilidade e usabilidade. A diferencia entre capacidade e rendemento.




# Estratexias comúns na atención á diversidade.

- Olvidar o currículo fortemente pechado.
- Olvidar os grupos homoxéneos.
- Consensuar criterios para agrupar aos alumnos.
- Poñer en práctica diversidade de estratexias.
- Ter un proxecto educativo que propoña medidas favorecedoras da integración.
- Fixar os criterios de avaliación e promoción dos alumnos de acordo cos principios que rexen a atención á diversidade.
- Poñer en práctica unha grande diversidade de estratexias.
- Conseguir un equilibrio entre os coñocementos conceptuais e os procedimentais.
- Procurar os recursos humanos e materiais precisos.
- Colaborar coas familias.
- Conseguir unha dinámica favorecedora de medidas curriculares flexibles.
- Formar e incentivar continuamente ao profesorado.



Javier Martín Betanzos

# Son todos os alumnos con necesidades educativas susceptibles de integración?

| Necesidades fáciles de integrar | Necesidades difíciles de integrar |
|---|---|
| ♿ Dificultades físicas.<br>♿ Dificultades sensoriais.<br>♿ Dificultades de linguaxe.<br>♿ Dificultades leves de aprendizaxe. | ♿ Dificultades emocionais o caracteriais.<br>♿ Dificultades moi específicas.<br>♿ Dificultades profundas e múltiples.<br>♿ Dificultades de aprendizaxe severas. |

Prevalecen os criterios político-organizativos sobre os criterios psicopedagóxicos na decisión sobre a escolarización?



Javier Martín Betanzos

# As medidas de atención á diversidade pódense concretar desde diversas realidades

**DESDE O MARCO LEGAL** → O grao de concreción das medidas é insuficiente. Non hai unha verdadeira dinámica nos centros

**DESDE A PROPIA AULA** → Eliminación de barreiras. Adaptación de materiais. Nova organización. Inconvenientes: masificación, falta de recursos e formación

**DESDE O MODELO CURRICULAR** → Reforzos, adaptacións do currículo e do acceso a el



Javier M tín etanz s

# Posibles medidas para darlle pulo a unha educación inclusiva de calidade

## MEDIDAS EXTERNAS AO CENTRO OU ESTRUTURAIS

- Convertir os recursos, a experiencia e a profesionalidade dos centros de educación especial en estruturas de apoio dos centros ordinarios.
- Nin a formación do profesorado nin o peso da herdanza nos colexios e institutos teñen posibilitado unha educación secundaria integradora.
- O dereito á educación inclusiva parece que se acaba na educación obligatoria e non se fixo case nada no bacharelato, na formación profesional ou na educación universitaria.
- As propostas na formación (diferenciar inicial e no exercicio) do profesorado non parece que estean a cumprir as expectativas.
- Os valores sociais conservadores e as políticas liberais complican os obxectivos de ensinar a *todos* con calidade.

## Respostas?

**RESPOSTA BASEADA NA AVALIACIÓN DE NECESIDADES E NA PROVISIÓN DE AXUDAS E SERVICIOS**

**OBXECTIVOS** → **AVALIACIÓN**

- **CRITERIOS**
- **NORMAS**

**DIMENSIÓNS A TER EN CONTA**

- Aspectos referidos ao grao de desenvolvemento acadado en relación a todas as capacidades.
- Condicións persoais de discapacidade e aspectos contextuais.

Javier Martín Betanzos

# Un caso práctico:

## O caso dos alumnos con parálise cerebral.

**CONCRECIÓN DE MEDIDAS DESTINADAS Á INCLUSIÓN E MELLOR ATENCIÓN EDUCATIVA DESTES ALUMNOS**

Javier Martín Betanzos

# Escolarizar alumnos en réxime de integración con parálise cerebral?

*A parálise cerebral é unha mestura, unha amálgama, unha suma de deficiencias que perturba e confunde. Procede mirar con paciencia, atentamente; é obrigado observar cada xesto e ao mesmo tempo avaliar a totalidade. A anécdota descobre á persoa e desde o global detéctase ese detalle mínimo que impulsa á intervención.*

San Juez, J. F.

(No prólogo de *Parálisis cerebral: Aportaciones de la psicología clínica al desarrollo evolutivo*. 2004. Madrid. Astrane)

# Posibles trastornos asociados.

**TRASTORNOS ASOCIADOS**

- DÉFICIT AUDITIVO
- DÉFICIT VISUAL
- AGNOSIA E PROBLEMAS PERCEPTIVOS
- APRAXIAS
- COMUNICACIÓN E/OU LINGUAXE
- DEGLUCIÓN
- EPILEPSIA
- PROBLEMAS EN MEDRAR
- PROBLEMAS DE CONDUTA
- CONTROL DE ESFÍNTERES
- PROBLEMAS AFECTIVOS

# Primeiras e básicas estratexias.

APROVEITAR
E ESTIMULAR
AS CAPACIDADES
INNATAS

**ESTRATEXIAS**

ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE DO INTERESE POLO CONTORNO

ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE COMUNICATIVA

ESTIMULACIÓN DA CAPACIDADE COGNITIVA

Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias.

**RETOS:**
**Fomentar o interese**
**Proporcionar experiencias**

ESTIMULACIÓN AXEITADA NO CONTEXTO FAMILIAR

**ESTRATEXIAS**

PAUTA XERAL:
Estimulación das funcións innatas

A IMPORTANCIA DA ESTIMULACIÓN TEMPERÁ

Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias.

A PARÁLISE CEREBRAL NON É SÓ PROBLEMAS NA POSTURA E NO MOVEMENTO

As solucións deben ser globais e desde equipos interdisciplinares

AFECTA A PERSOA DE FORMA GLOBAL

INCIDE

**No desenvolvemento da súa autonomía persoal, no ámbito cognitivo, lingüístico, no desenvolvemento das súas relacións afectivas e sociais, etc.**

# Primeiras e básicas estratexias.

## Áreas de intervención.

ÁREA DE FISIOTERAPIA

ÁREA LOGOPÉDICA

TERAPIA OCUPACIONAL

ATENCIÓN PSICOLÓXICA

OUTRAS ÁREAS E TERAPIAS

ATENCIÓN NO CENTRO EDUCATIVO

Relación coas competencias agás na escola?
Repasemos as competencias e a súa concreción nestes casos

Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias.

## Déficit nas capacidades básicas para aprender.

MOTRICIDADE

HABILIDADE PERCEPTIVA E COGNICIÓN

ORIENTACIÓN ESPACIAL

LATERALIDADE

COORDINACIÓN VISOMOTORA

ATENCIÓN E MEMORIA

RENDEMENTO COGNITIVO XERAL

PAUTA XERAL:
Compensar o posible déficit
Establecer mecanismos alternativos

Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias. Necesidades relacionadas coas áreas curriculares.

PAUTA XERAL:
Adaptación do currículo e do seu acceso
Establecer mecanismos compensatorios

LINGUAXE ORAL

LECTURA

ESCRITURA

ÁREA DAS MATEMÁTICAS

ÁREA DAS CIENCIAS SOCIAIS E NATURAIS

ÁREAS DE EDUCACIÓN PLÁSTICA E TECNOLOXÍA

EDUCACIÓN FÍSICA

IDIOMAS



Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias. Necesidades relacionadas coas áreas curriculares.

## AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES

**ADAPTACIÓNS DO CURRÍCULO**

ESTRATEXIA IMPORTANTÍSIMA NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, EN XERAL

PERIGOS: Trámite burocrático, falta de confianza dos profesores, non entender o que significa

**ACCESO AO CURRÍCULO**

TEN ESPECIAL RELEVANCIA NA ATENCIÓN AOS ALUMNOS CON PC

PERIGOS: crer que é o máis importante, caer na ditadura da "*cacharrería*", non contar coas axudas necesarias, falta de formación



Javier Martín Betanzos

# Primeiras e básicas estratexias. Necesidades relacionadas coas áreas curriculares.

## AS ADAPTACIÓNS CURRICULARES

E AS COMPETENCIAS?

NON SE RECOLLE EN
NINGUNHA NORMATIVA
O PAPEL DAS COMPETENCIAS
NA ADAPTACIÓN DO CURRICULO.
SE LLE CONSIDERA UN
ELEMENTO INTEGRADOR DOS
OUTROS COMPOÑENTES
DO MESMO

# As competencias no alumno con parálise cerebral.

## Dificultades.

### COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

- Non é igual fala e comunicación.
- Os problemas que sobreveñen cando se usan SAACs.
- Problemas ocasionados nas aprendizaxes por déficit nas capacidades básicas.
- A falta de recursos.
- Problemas estruturais (catálogos, formación do profesorado,...)

# As competencias no alumno con parálise cerebral.

## Dificultades.

### COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Área difícil (de seu). Alta porcentaxe de fracaso escolar). (Gráficos e representacións, Razoamento e cálculo, problemas aplicación á realidade,...)
- Posibilidade de grandes problemas inherentes á condición do neno/a.
- Problemas ocasionados nas aprendizaxes por déficit nas capacidades básicas.
- Erros na aprendizaxe.
- Problemas de índole práctica ocasionados polos problemas motores. Dificultade no deseño de tarefas.

# As competencias no alumno con parálise cerebral.

## Dificultades.

### COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO

- Dificultades no aspecto motor.
- Escasa potenciación da autonomía persoal.
- Mala configuración do contorno.
- Escasa usabilidade dos elementos que conforman o contorno.
- Tópicos sociais e prevencións familiares.
- Ausencia de experiencias e verdadeiras oportunidades.

## Dificultades.

### TRATAMENTO DA INFORMACIÓN E COMPETENCIA DIXITAL

- Non se calibra a verdadeira importancia que pode ter ser competente nesta área para este tipo de alumnos.
  - → cando se acabe a escola que?
  - → é máis importante o currículo ou ter dominio dunha ferramenta para aprender?
- Escasa formación do profesorado.
- Escasos recursos nos centros para adaptar un posto de traballo e o acceso ao ordenador.

Dificultades.

## COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Outra vez os tópicos.
- Os desequilibrios que se dan neste ámbito dificultan as relacións sociais. A disparidade de intereses entre o alumno e os compañeiros dificulta a integración.
- A meirande parte dos profesores confesan non estar capacitados para intervir no ámbito socio-afectivo.
- Moi frecuentemente esta competencia é desprazada por outros aspectos do currículo.
- A sociedade segue a ter *reparos.*

# As competencias no alumno con parálise cerebral.

## Dificultades.

### COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA

- Hai aspectos *culturais* nos que estes alumnos nunca serán competentes debido aos *pseudovalores* imperantes.
- Limitacións ocasionadas polo propio estado ou condición.

Recomendación do Parlamento Europeo: Expresión creativa das ideas, experiencias e emocións a través de distintos medios, incluida a música, as artes escénicas,........

# As competencias no alumno con parálise cerebral.

## Dificultades.

**COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER**

- Nas escolas séguese sen ensinar a aprender para aprender.
- Se hai que ter paciencia (en ensinar e en recoller os froitos), con estes alumnos hase ter moitísima máis.
- Hai unhas estratexias moi importantes. O enfoque cognitivo é asumible cos alumnos que teñen preservada unha certa capacidade cognitiva. Noutros casos só será posible un enfoque cognitivo-condutual ou a estimulación multisensorial.



Queda moitísimo por facer.

!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

Javier Martín Betanzos

# Dificultades.

## AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL

- Ámbito que adoita ser deficitario. Nalgúns casos potenciado este déficit no contexto familiar e no escolar por estratexias erróneas.
- É complicado lograr que o alumno sexa competente neste ámbito cando é frecuente un déficit nas *habilidades anticipatorias*.
- A escaseza de oportunidades e experiencias inflúe poderosamente na non consecución de hitos de autonomía e potencia a dependencia.

# A parálise cerebral.

## Que queda por facer?

En moitos casos, diferentes
a este, segue sen haber directrices,
nin protocolos,
nin escalas avaliativas,
nin…….

- Epidemioloxicamente mantense a incidencia dun caso de parálise cerebral por cada 500 nacementos.
- Son importantes os costos clínicos, sociais, familiares e individuais e cada caso require un importante, complexo e costoso proceso de rehabilitación.
- A atención médica e os aspectos terapéuticos y educativos actuales son moi pouco homoxéneos e, mesmo, contradictorios.
- As directrices para a rehabilitación da parálise cerebral aínda non foron adoptadas por ningún país industrializado.

Ferrari e out.

Javier Martín Betanzos

## A parálise cerebral.

## Que queda por facer?

**Fai falta
unha reactivación
da escola inclusiva?**

**EXEMPLOS**

Borrador do decreto de atención á diversidade.

Redución dos postos de traballo a límites intolerables.

Diminución dos recursos materiais.

Javier Martín Betanzos

## CALES SON OS ÁMBITOS ONDE HAI QUE ACTUAR?

- ÁMBITO DO MOVEMENTO
- ÁMBITO DA AUTONOMÍA
- ÁMBITO DA FALA E A COMUNICACIÓN
- ÁMBITO SOCIO-AFECTIVO
- ÁMBITO DO CONTORNO ESCOLAR

SEMPRE DESDE UNHA PERSPECTIVA GLOBAL E MULTISISCIPLINAR

Javier Martín Betanzos

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

**ÁMBITO DO MOVEMENTO**

??????

**Desprazamento e sedestación**
Apoios para desprazarse
Apoios para sentarse
Movementos involuntarios en reposo

**Destreza brazos e mans**
Independencia de movemento en brazos
Xuntar mans
Variedade de movementos con brazos
Flexión/extensión brazos
Xiro de pulsos
Movementos precisos na dirección desexada
Presión con mans e/ou dedos
Movementos produtivos en áreas pequenas
Pinza / Garra
Coordinación de movementos con ambas mans
Coller obxectos do chan
Tipo dominancia lateral
Movementos usados en preescritura/escritura

**Control postural**
Control cabeza
Control tronco

FACTORES A TER EN CONTA NESTE ÁMBITO

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

**ÁMBITO DA AUTONOMÍA**

??????

**Control de esfínteres**
Control total
Control segundo as situacións
Necesidade de sonda
Necesidade de pañal

**Deglución**
Abrir/cerrar a boca
Deglución saliva
Deglución alimentos segundo densidade, textura e dureza
Uso de utensilios

**Uso da roupa**
vestirse/desvestirse
Uso de dispositivos abertura/cerre

FACTORES A TER EN CONTA NESTE ÁMBITO

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

**ÁMBITO DA FALA E A COMUNICACIÓN**

**Características da fala**
Intelixibilidade da mesma
Uso desta segundo as situacións
e interlocutores

??????

**Uso de sistemas alternativos**
Expresión mediante SAACs
SAAC como ferramenta de traballo
Uso doutros tipos de SAACs
Uso de ordenador para comunicarse, sintetizadores de voz ou outros dispositivos para comunicarse

**Expresión escrita**
Capacidade de expresión escrita valéndose de diferentes medios

**Necesidade de corrección logopédica**
Temblores vocais, ruidos
Voz forzada
Hipernasalidade
Alteracións no ritmo e no acento
Vocales e/ou consoantes imprecisas
Outros aspectos da linguaxe con necesidade de ser avaliados

FACTORES A TER EN CONTA NESTE AMBITO

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

**ÁMBITO SOCIO-AFECTIVO**

??????

**Relación cos iguais**
Participación en xogos y actividades grupais en tempos de ocio
Busca ou rexeitamento da relación
Retraemento

**Autoconcepto e motivación**
Interese polas tarefas escolares
Consciente das súas limitacións
Tolerancia á frustración
Reforzos ante os que responde
Afán de superación
Rexeitamento de algunhas actividades
Autoimaxe
Reaccións fisiolóxicas adversas ante certas situacións
Presencia de condutas depresivas

**Dependencia dos adultos**
Necesidade de apoio constante
Dependencia/independencia
Rexeitamento ou aceptación da axuda

FACTORES A TER EN CONTA NESTE ÁMBITO

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

**ÁMBITO DO CONTORNO ESCOLAR**

**Ausencia de barreiras físicas**
Ausencia total de barreiras para a integración
Ascensores, rampas
Servizos adaptados
Accesibilidade e usabilidade de dispositivos de cerre e abertura de portas e ventás
Posibilidade de acceso do alumno a todos os currunchos e espazos comúns do centro
Transporte accesible, incluindo excursións e visitas escolares

**Proxectos e organización do centro adaptados á diversidade**
O PEC contempla os principios da educación inclusiva
A Concreción Curricular reflexa as adaptacións curriculares e outras medidas de atención á diversidade
Seguemento polo D.O. da evolución das medidas adoptadas para atender ao alumno
Formación en exercicio dos profesores, sobre todo en NNTT

**Organización das actividades**
Natureza e organización actividades axeitadas
Adecuación do material didáctico
Situación na aula que favoreza a integración

??????

FACTORES A TER EN CONTA NESTE ÁMBITO

Javier Martín Betanzos

# Estudo sobre avaliación de necesidades.

## ÁMBITO DO CONTORNO ESCOLAR

O máis valorado

**A diferenza entre capacidade e rendemento depende da configuración do contorno**

Hai que entender a discapacidade en termos de desaxuste

Accesibilidade
+
"**usabilidade**"

Javier Martín Betanzos

O alumno ten que ser capaz..........

.......................e que responsabilidade ten a configuración do contorno??????

## Conclusións.

### CONCLUSIÓNS

- Despois dun estudo fiable e válido, as conclusións globais apuntan que tanto o deseño de obxectivos como o grao de cumprimento nos centros e bastante mellorable.
- O grao de cumprimiento é satisfactorio en Movemento, Autonomía e Fala e Comunicación.
- O grao de cumprimento é deficiente no Á. Socio-afectivo e moi deficiente no Contorno Escolar.
- Obtivéronse poucas diferenzas nos contrastes respecto das variables de identificación.
- As discrepancias achadas entre os c.o. e os c.o.e.p. son parciais e en pequeno grao.

CONCLUSIÓNS
(Propostas de mellora)



## Hai que mellorar en:

- Na sistematización do estudo das necesidades educativas dos alumnos con p.c.
- Na atención global do alumno con p.c. Conveniencia de equipos interdisciplinares.
- Na formación en exercicio do profesorado.
- Nos cadros de persoal e catálogo dos postos de traballo
- Na colaboración coas familias.
- Na elección da modalidade de escolarización.
- Nas decisións dos dictámenes de escolarización.
- Na provisión dos recursos necesarios.
- Na accesibilidade e mellor configuración dos contornos.
- En cumprir e facer cumprir os principios da educación inclusiva.
- No deseño e materialización das actividades extraescolares e complementarias

# Conclusións.

**CASA TODO ISTO COA PROGRAMACIÓN E AVALIACIÓN POR COMPETENCIAS?**

SI

NON

DEPENDE

**Moitas grazas pola vosa atención**

Javier Martín Betanzos